

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CRECENTE
Edificio	Igrexa de San Pedro de Filgueira
Dirección	Lugar do Rego, 9. 36490
	42.2127544854133 -8.197161008344633
Protección	
Descrición	<p>Edificada no século XVII-XVIII con axuda das pedras procedentes da antiga capela de San Colmede (antigo anexo de Filgueira) no lugar no que se situaba a ermida de San Antonio, posúe unha inscrición na fachada exterior coa data "1723".</p> <p>Sitúase esta igrexa parroquial nun recinto de interese polo conxunto de elementos que o forman, destacando de xeito relevante o cruceiro, un tipo singular pola súa base e tratamento do fuste.</p> <p>Presenta unha portada con arco alintelado, flanqueada por pilastras que rematan cun frontón triangular. Sobre el, ventá e espadana central de dobre van. A fachada enmárcase con pilastras rematadas en pináculos. Os muros presentan tres contrafortes e un viacrucis formado por catorce cruces talladas en baixorrelevo ao longo de todo o seu perímetro. A ábsida destácase en altura con cornixa moldurada en gola.</p> <p>No interior, a ábsida presenta unha bóveda de aresta. Posúe a igrexa, un arco triunfal de medio punto sobre pilastras. A nave presenta bóveda de canón dividida en catro tramos por arcos de medio punto sobre pilastras.</p>
Campás	3 campás.
Fotos	0
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.crecente.gal
Data	02-01-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso

	<u>Campá</u>	<u>DE LA VEGA OTERO, FRANCISCO</u> <u>ANTONIO (VALLE DE HOZ,</u> <u>CANTABRIA)</u>	1736		
--	--------------	--	------	--	--

Información completa: [Igrexa de San Pedro de Filgueira - CRECENTE \(GALICIA\)](#)

PDF (04-07-2026)